PALMEIRA NA MEMORIA

SÉCULOS XIX - XX

PALMEIRA

Palmeira na memoria

Séculos XIX e XX

A idea de deixar escritas algunhas das vivencias que aconteceron en Palmeira antes e durante o século XX xurdiu nun curso para axilizar a memoria.

A filosofía foi que ao carón dun retrato sempre hai unha historia, conseguir retratos e anécdotas foi o comezo do traballo. Que o esforzo das persoas que fixeron que o nome de Palmeira chegase máis alá do río de Esteirón e que a súa obra non quedase esquecida no remuíño dos tempos e na noite do esquecemento.

Estamos na procura de que sexan moitas persoas as que acheguen coñecemento e convivencia, ben sexan familiares, amigos ou veciños para plasmar do xeito máis fiel as vidas e feitos das persoas nomeadas.

O alumnado do curso.


Término de Son
X
N. V.
Piedra Fucada
M.2 Enteseinsa
M.3
M.4
M.5
Curoto o Los Forcados
M.S.T.
Monte
Petón Pequeno
Portela de Batellones
Foloso
"Monte Balteiro"
Mosqueira
Zapateiras
Outeiro do Raposo
Outeiro de Folgoso
Curoto Carotiña
S. Mamed
Petão do Carballo
Costrocallos
Tejares
Fincas y Cultivos de S. Mamed
Río Portas
Río Velo
Monte S. Mamed
Abelleiras a Piedra de Platos
Tilleiras
Río Juan
Río Sardanza
Río das Pedras
Término de Riveira
Término de La Pueblas del Caraminal
Monte Loberas
La Lagoa
Arroyo Jurdeiras
Arroyo Merlo
Camino de Moldes
Riego o Fuente del Hospital
Nª Sra de Moldes
Crucero de Moldes
Arroyo Caraminal
Teixoeira
Moldes
Cabo
Corrubeda
Río Esteirón
Carretera
Río Valdeiras

Palmeira

Séculos XIX e XX

Lectura 1ª

Palmeira é unha freguesía da provincia da Coruña, situada na parte norte da Ría de Arousa. A finais do século XVIII tiña aproximadamente dous mil veciños, cunha superficie de cinco leguas .

Lectura 2ª

A forma de vida rexíase polo quefacer duns 60 labregos, e outros tantos mariñeiros á parte dos veciños que tiñan outros oficios, isto é: canteiros, barrosos, serradores, ferreiros, carpinteiros de branco e de praia, albaneis, carreteiros, cordeeiros, costureiras, xastres. En definitiva moito traballo e pouco proveito. Sen lugar a dúbidas a vaca e mais a dorna, eran as ferramentas.

Lectura 3ª

A transformación

O produto dos mariñeiros era perecedoiro, o secado ou afumado non servían de moito, practicamente tiñamos de todo pero faltaba o mellor, o sal.

Nestes intres chegaron os cataláns traían o sal, e outras formas de pescar. As rías enchéronse de almacéns de fomento para alimentar lanchas, dornas xeiteiras, talleres de toneis, fábricas de serra, etc.

Un exemplo, en Palmeira había 15 almacéns de salga, eran necesarias grandes cantidades de sardiña. O declive desa industria chegou coas fábricas de conserva e, non sendo a pesca, practicamente todo desapareceu.

Parte destas fábricas de conservas están no século XXI a pleno rendemento.

Liña de deslinde entre San Pedro de Palmeira e o Caramiñal

Lugares:
1º Desembocadura do río Esteirón
2º Ponte de Prada
3º Porto Carballo
4º Pedras das Barreiras
5º Pedras do Niño da Aguia
6º Pedra Rubial
7º Fonte de Pedra Rubial
8º Fonte de Belvís

Liña de deslinde entre a Pedra do Deán con Noia

Lugares:
1º Río Barbanza
2º Metade da Ponte Barbanza
3º Porto de Utín
4º Lago do Beiro
5º Altos dos Forcados
6º Devesa de Fernando Diz
7º Limiar de San Mamede
8º Fonte do Hospital

1 Legua: Antiga medida de lonxitude que equivale aproximadamente a cinco quilómetros. Non había unha casa en cinco leguas á redonda. https://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/legua

A Saga dos Soler

Principios do 1800 chegaron a Palmeira os Soler, coma todos os cataláns, o primeiro que fixeron foi unha mansión.

Empezaron pouco a pouco, primeiro fixeron no porto, onde era a escola de don Agapito. Logo empezaron a expansión: almacén na Cambra, na Catía, na Illa de Arousa e no porto de Palmeira.

Salvador Soler Paz nacido en Palmeira foi un grande empresario e alcalde de Riveira. Tiña barcos, o Vicenta, Salvador e Antonio, e 14 lanchas de pesca.

Fillo de Salvador Soler e de Vicenta Barnet Cereijo, Antonio Soler Barnet era avogado e tocoulle facer a fin da salga.

TAL DÍA COMO HOY

Numerosas personas participaron en las fiestas de San Pedro de Palmeira

Según escribe nuestro corresponsal en Palmeira, ha estado muy concurrida la fiesta del día de San Pedro en aquel pintoresco pueblo. En la casa de don Salvador Soler Paz diose un baile lindísimo, al que asistieron numerosas personas. En los tres días siguientes hanse efectuado funciones religiosas en la iglesia parroquial y bailes en algunas casas particulares. Durante las primeras distínguese por sus oraciones sagradas el licenciado en teología don Pablo Garrido. El 1 de julio remataron las fiestas con una hermosa iluminación a la veneciana de sorprendentes efectos.

1882

HACE 130 AÑOS

Don Antonio Soler foi un bo veciño, e cando persoas alleas quixeron facerse donas do esforzo dos homes de Palmeira, ofreceuse como palmeirán e avogado ao pobo.

Andrés H. del Río Ferrer

(1867-1945) foi o primeiro alcalde de Riveira no século XX. Como outros moitos alcaldes da época da Restauración, procedía da parroquia de Palmeira, e estaba emparentado cos Colomer polo seu matrimonio con Rosa Colomer Soler (1872-1938).

Foi un home moi ben relacionado a nivel provincial e nacional, cunha fonda amizade con don José Calvo Sotelo, e dedicouse en corpo e alma á xestión
municipal de Riveira durante moitos anos, o que acabaría causando graves quebrantos ás súas empresas industriais.

Adrés del Río accedeu pro primeira vez á alcaldía o 20 de abril de 1893, e os seus cargos sucederíanse ata moitos anos despois. Baixo o seu mandato comezouse a construción dos cemiterios municipais de Palmeira e Riveira, e moitos outros proxectos tan importantes para o concello como a xestión da iluminación pública.

(Riveira: Alcaldes para un siglo (1860-1975).
Daniel Bravo Cores. 2000. Texto adaptado).

A familia Lojo "Gelpi"

Esta firma industrial afincouse en Palmeira, Insuela, a comezos do século XIX. Empezaron coma todos os cataláns cun almacén de salga, ata finais deste século. Foron dos primeiros en transformarse en fábrica de conservas.

Ata daquela esta nova industria non tiña mercado, estaba dominada pola conserva francesa, o cal foi un dos motivos para poñerlle un nome francés Le trois Mats.

Foi a primeira marca, logo houbo outras.

Os Lojo, a familia, cremos que a formaban 3 homes e dúas mulleres. Manolo era o xefe da empresa, tiña un coche Ford T. Jose e mais o "señorito Gonzalo" viñan andando desde a Pobra, mercáronlle unha bicicleta e mais unha Vespa, pero non lle gustaron.

Manuel Camaño

Era o patrón dun bote para a compra, primeiro o bote chamouse Letrois e máis tarde, despois da guerra, chamouse Ancla.

Salvador Colomer Soler

José Colomer Paz foi o primeiro Colomer que naceu en Palmeira. Foi un home importante e tiña unha grande ilusión pola salgadura. Chegou a ter almacéns en Aguiño, Riveira, en Palmeira dous, e outros dous no Chazo.

Crese que entre homes e mulleres eran cinco os irmáns, e seren tanta familia foi o motivo polo que os Colomer, hoxe en día, estean presentes en moitas profesións de relevo e institucións.

Un dos bos costumes que tiñan nesta familia era que ao carón das fábricas de salga poñían un comercio, así que os cartos que gañaban os obreiros no almacén, gastábano no comercio; os cartos sempre ían para o mesmo caixón.

Varios fillos de José Colomer Paz foron alcaldes de Riveira.

Angelita e Gerardo Cobas Crusat

Angelita

Gerardo

Os Crusat chegaron a Palmeira a principios do século XIX e instaláronse no porto. Fixeron coma todos os cataláns unha fermosa casa. O almacén situárono en Insuela.

José Crusat foi un home bo, entre os seus feitos o de deixar un local gratuíto para facer a escola.
Gabino Crusat foi un grande empresario. Foi quen buscou o Sr. Saavedra para facer o Insuela e o Gabino, dous magníficos barcos.

O Gabino herdoulle o nome a unha produtiva fanequeira.

Gerardo Cobas Crusat

Foi un grande home, pequeno de estatura pero de gran corazón. Cando acabou a salga instalou un gran serradoiro que durante moitos anos fixo táboas para as caixas de froita.

Angelita

Non quedou atrás e tiña comercio, panadería, carro de bois... pero o mellor é que era boa persoa.

O outro irmán Tucho Cobas non tivo moita sorte nos negocios, era bo home.

Transporte do bacallau ao secadoiro.

Palmeira 1920



Os pioneiros en España

A Sociedade Esmeraldo Domínguez foi unha das precursores desta actividade en España. Esta empresa dedicábase exclusivamente á pesca do bacallau en Terranova desde 1924, onde pescaba o buque Melitón D. Domínguez. Así mesmo contaba con secadoiros en Palmeira (Santa Uxía de Riveira).

En 1928 a empresa producía 400 fardos diarios de bacallau de 50 kg cada un así como 2.000 caixas de bacallau en anacos.

(Industrias Pesqueras. Texto adaptado).

Domingo Vilas Sampedro "O Comandante"

Domingo Vilas Sampedro (1834-1912) naceu no lugar da Carballa, Palmeira.

Militar de profesión no exército español, as súas meritorias intervencións nas campañas de Cuba, que concluíron en 1878 co Convenio de Zanjón, procuráronlle os entorchados de Comandante e a Cruz de Cabaleiro da Orde de San Hermenexildo.

De volta a Riveira, a comezos da década dos oitenta casa con dona Ramona Martínez Fernández (1856-1927) de familia de acreditados banqueiros e industriais, abandona a milicia e convértese nun importante industrial dedicado á salgadura de peixe.

Foi un dos primeiros industriais da salga que se reciclou en conserveiro a principios de século. Froito do seu matrimonio serían os seus tres fillos.

A súa primeira experiencia política como alcalde comezou o día 1 de xullo de 1883, sen que ata daquela exercese responsabilidade municipal ningunha.

(Riveira: Alcaldes para un siglo (1860-1975). Daniel Bravo Cores. 2000. Texto adaptado).

(O alcalde Domingo Vilas Martínez, chamado o Comandante por ter alcanzado tal graduación na guerra de Cuba).

D. Vicente Mariño

Foi dos primeiros maquinistas navais da zona. Armador, tiña dous bous Blanca e Fantástico. Adoitaban vir a Palmeira para a procesión da Virxe do Carme.

Fantastico

Buque Melitón D. Dominguez

Cando os almacéns de salgadura deixaron de ser negocio, Maldonado que tiña en Insuela o almacén, coma todos os fomentadores, cambiou para a conserva.

A firma foi Patrie et Glorie e máis tarde con Everaldo Domínguez transformaron o antigo almacén de salga nun moderno secadoiro de bacallau.

Rosa Bernárdez

Rosa da Raer casou cun home do Maño, Andrés Millán, tiveron un fillo chamado Benito que morreu de mozo.

O negocio estaba composto de taberna e ao carón o ultramarinos, e un loro!

Era unha persoa moi relixiosa e á súa morte parte dos bens foron para a Igrexa.

A foto é de Andrés millán, Rosa e unha sobriña que viña de Santiago.

Antonio Romero Ortiz

Palmeira non tivo sorte con Romero Ortiz.

Nacido en Santiago de Compostela, foi bautizado en Palmeira cos nomes de Antonio Carmen Manuel Romero García. A familia viviu nunha casa de pedra na rúa de Torres, que daquela tiña o número 4.

Sendo ministro de Graza e Xustiza foi o promotor da construción da igrexa de Riveira segundo consta nun escrito na porta do edificio relixioso.

Todos os seus bens quedáronlle a unha sobriña, Josefa Sobrido, fundadora do convento de Oleiros.

A casa e maila finca vendéullelas aos irmáns García, médicos no Gran Hotel da Toxa. Os García na horta fixeron un palacete ao que chamaron "Villa-García".

(Fonte: Wikipedia).

José e Emilio Colomer Soler

José Colomer Soler, unha vida dedicada á xestión municipal.

Orixinario de Palmeira, José Colomer Soler (1856-1931) xogará un papel de especial importancia na vida municipal riveirense de comezos do século XX, como alcalde en dúas lexislaturas e concelleiro tamén en infinidade de ocasión.

Instalárase en Palmeira a finais dos anos 1880, ao adquirir un almacén de salga coa súa respectiva vivenda na zona do Castelo. Casou con dona María Martínez Fernández, dunha célebre familia de banqueiros locais, e froito dese matrimonio nacen os seus fillos Pepe (1890) e Concha (1903) Colomer Martínez.

Retrato familiar de don Emilio Colomer, a súa esposa dona Joaquina Villoch e as súas fillas Joaquina, Encarnación e Josefa.

(Riveira: Alcaldes para un siglo (1860-1975). Daniel Bravo Cores. 2000. Texto adaptado).

Colomer del Rio

Familia moi importante en Palmeira, foron donos de almacéns de salga e fábrica de conservas, pero cando a fortuna cambiou puxeron comercio de comestibles outros negocios.

Recórdase que eran unhas magníficas persoas e moi relixiosas. Un detalle do amor desta familia pola terra de Palmeira chegou ata nós: a árbore que plantaron os pais ao faceren a súa casa segue hoxe viva e enorme de alta.

José Colomer del Río

Unha persoa admirada e respectada, que soubo saír adiante. Cando a familia perdeu a fábrica tivo que buscar vida, e encontrou traballo como encargado nunha conserveira de Vilanova.

Ao comprar Manuel Escurís unha fábrica na Pobra que fora de Enrique del Río, contratou a José
Colomer como encargado, xa que era ben coñecido o seu magnífico quefacer no traballo.

Máis tarde con outro socio puxo unha fábrica na Pobra cuxa marca era Garco, conseguindo gran prestixio pola moi boa calidade das súas conservas. Ademais de ser un bo traballador e esmerado empresario, tiña unha gran presenza na vida social da zona, e foi presidente do Casino de Caballeiros.

Outro irmán, Antonio, regresou a Palmeira cando era xa maior, pero o cariño dos seus veciños dá a ver o magníficas persoas que foron.

Música na memoria

En Palmeira cando se fala de música a referencia é a familia Paisal.

Na memoria está Paisal del Río.

Foron moitos irmáns, de mozos formaron unha banda de música; pero como a música non chegaba para vivir dela cadaquén buscou a súa vida. Todos excepto Enrique, que casado con Florentina, puxeron un café e tiñan un salón para bailes, era ademais un grande organista que tocaba na igrexa que daba gusto escoitalo.

Paisal Pérez, un gran traballador con carácter forte, foi profesor de música e carpinteiro dos bos. Formou unha orquestra "Rirmo Swin" que no verán tocaba en toda Galicia e mais por fóra dela, no inverno tocou moitos anos no baile "Moderno" da Pobra, e máis tarde na sala "Cambeiro" en Riveira; ata chegou a traballar como taxista.

Matanza tradicional

1º matar
2º Esqueimiñar
3º Abrir
4º Colgar
5º Picar
6º salgar

Aos nove días
xa se pode abrir o baño.

Baldomero Ferndandez Armental

Baldomero volveu dos EEUU despois da depresión por motivos familiares, e ao pouco casou con Pepa a Americana. Na casa de Pepa había taberna e Baldo deulle un novo impulso, e no "Paraninfo" xogábanse as mellores partidas de dominó.

Era un home que sabía facer de todo. Durante moitos anos foi quen redactou os documentos privados, partillas, testamentos, medir terras... El encargábase de pasalos por Naya, secretario da sociedade, incontables veces.

No comercio ademais de repartir o racionamento, tiña produtos para o campo e para a construción. Descubriron os terreos do novo campo de fútbol.

Jesús Betanzos Pérez

Se ha hundido el vapor "Elanchove" de la matrícula de Bilbao

Os dramas do mar

Afundiu o vapor Elanchove da matrícula de Bilbao (Foto artigo prensa).

O mar dá pero tamén quita quita, e o afundimento do Elanchove o día 25 de outubro de 1936 levoulle a Palmeira tres irmáns, Jesús o da Segureira, Francisco Gómez o Xacobo, e José Martínez o Santo.

Valbanera

Este barco da navieira Pinillos era un correo con pasaxe de España, Caribe.

Na súa última viaxe tocou Porto Rico, e acababa na Habana. Levaba máis de mil persoas a bordo, unhas 700 quedaran en Santiago. O barco nunca chegou a porto, apareceu nos baixos da Florida. Palmeira, coma sempre, pagou; faleceron o Pai de Rosa do Monte que era contramestre, Paquito o Tereso, e Carlos o Boliño. A bordo non había cadáveres...

O Presidente de Galicia

O Sr. Presidente de Galicia, o Sr. Alcalde e veciños de Palmeira na rampla de varada no Porto de Palmeira. Estas obras fixéronse no mandato do Sr. Fraga.

Foron o comezo da ampliación do espigón do peirao vello e dos embarcadoiros.

Dr. Solitario Montoto

Dr. Solitario Montoto e
a súa dona Carmen Estévez

Este matrimonio no que se uniron dous magníficos profesionais era moi querido en Palmeira, pero viviron momentos complicados debido á situación en España naquel tempo. O doutor tivo que marchar por motivos políticos e dona Maruja foi mestra moitos anos, con escola enriba do taller de Pedro o Gaiteiro. Tiveron dous fillos.

Fernando Montoto, fillo de Solitario, era médico nacido en Palmeira. A finais do século XX operou a muller dun xeneral en EEUU, e este militar quixo saber onde nacera Fernando.

Viñeron coñecer a nosa vila e
deste evento da fe a "Tixosa".

Antonio Gonzalez

González traballou con Saavedra toda a súa mocidade construíndo barcos. Cando Saavedra acabou, González seguiu no que sabía facer.

Era igual operar as cadernas, corredores, bancos, proas ou popas, a embarcación quedaba en condicións de funcionar.

Era un gran conversador, cando tiña miróns, e tíñaos sempre, falaba sen deixas de traballar.

Esta breve descrición biográfica non queda completa sen ter un recordo para a súa nai que toda a vida, en alpargatas ou descalza, foi á lonxa chovese ou ventase buscar peixes pra vender e gañar unha ola de caldo máis ou menos.

Xaquín Gago e María Monterroso

Sen lugar a dúbidas María e Xaquín foron uns valentes.

Despois da guerra Xaquín foi navegar, pouco tempo. Compraron un barco e foron á compra para varios conserveiros, logo pensaron poñer unha fábrica e comprar para eles, e así foi.

Traballaron coma todas, pero o que tiñan non lles satisfacía e pensaron e facer un hotel. Así fixeron o mellor hotel do Barbanza. A forza de Xaquín e o ánimo de María fixeron o milagre.

O Mará del Carmen

José Rodríguez Saavedra

Naceu no Freixo.

O Sr. Saavedra:

Aconteceu nos primeiros anos do século XX.

En Palmeira había neses intres (16) dezaseis almacéns de salgadura, pero a saída do produto para levante tiña moitos atrancos. Á vista disto trataron de facer un barco que solucionase o problema.

tempo de cortalas, un equipo de cortadores púxose ao traballo e os carreteiros trouxéronas para Insuela. Coa mesma veña os serradores, algúns portugueses, e o traballo de serrar carballos e piñeiros durou un ano.
Cando a madeira estivo a punto viñeron os carpinteiros, algúns do Freixo, e fixeron o barco. A fasquía chamaba a atención, era bonito e forte.
E chamouse Insuela.

Gustoulle tanto a Gabino que lle encargou outro barco un pouco máis pequeno que se chamou Gabino. Este barco tivo boa sorte e ata hai ben pouco estaba nas Baleares.

Non foi este o caso do Insuela, que na viaxe inaugural viuse sorprendido por unha galerna que o

Fixo barcos de todos os estilos pero este, O Vapor de Riveira, era un iate que chamaba a atención.

Encargouse da xestión, D. Gabino Crusat. Na vila de Noia os Crusat tiñan uns amigos, os Cadarso, e foi Gabino preguntarlles se sabían dun home capaz de facer o traballo. Dixéronlle que no Freixo había unha persoa axeitada.

Alá se foron, e alí estaba un mozo que lle chamaban Saavedra. Faláronlle do proxecto e gustoulle, en canto acabase o que tiña entre mans iría para Palmeira, e así foi.

O barco que tiña que facer era grande, de tres paus, e 300 toneladas. O traballo non era broma. Asinaron o contrato e a traballar. Saavedra foi para o monte escoller a madeira de carballo e piñeiro, as árbores que mellor lle gustaron quedaron apalabradas. Chegou o

desarborou e o deixou ao garete ata que se desfixo contra a costa portuguesa. As perdas foron enormes, e o máis prexudicado foi Abadiño.

A partir do final da guerra europea Saavedra e o seu equipo foron máquinas, fixeron barcos na Pobra, Huelva, Río de Xaneiro, Nova York... todos coa súa firma, unha frecha de proa a popa.
Neste tempo Saavedra xa casara en Palmeira, o nome da súa muller Pilar. Sarasquete, un empresario de Riveira, pensou en facer un barco de pasaxe que fose de Riveira a Vilagarcía, falou con Saavedra e mans á obra. Co ritual de sempre, madeira, cortadores, etc... púxoselle a quilla. Este barco fíxose en Palmeira, nos Modorros, o que hoxe é o piñeiral da praia, un terreo que alugar Saavedra.

Despois dun ano fíxose a botadura e levárono para Riveira, en Palmeira non había calado para telo a flote e facerlle a ponte, ..., toldillas... Durante un ano sete homes foron todos os días a Riveira..

O barco chamaba a atención, era moi moderno. Proa lanzada, popa de parrulo, a figura era coma deses iates que se ven hoxe en día, pasaba pola ría e era un víndeo ver. Chamouse Ría de Arosa.

A partir dos anos corenta o solar que tivera alugado vendeuse, e Saavedra tivo que comprar un terreo en Riveira. Aquí xa non parou, fixo barcos de todos os tamaños para Galicia e para outros portos de España. Para Palmeira fixo dous o Dochy e o María del Carmen. Ao longo da súa vida armou arredor de 150 barcos, que xa son barcos!

Cando entregou o Ría de Arosa díxolle Sarasquete a Saavedra que lle dese a cea blanco polo final do traballo aos traballadores, e deulle 7 pesos, un home gañaba 1 peso ao día. Foi Saavedra para a casa onde ían comer e díxolle á dona: "María, aí tes sete pesos, dálle de cear a sete mozos e que non sexa unha vergonza". Chegou a hora de cear e o viño ben, pero a caldeirada de bacallau foi escasa, e dixo Saavedra: "María, gaiteiro pago non toca ben".

E para poñerlle o ramo a toda a súa vida de traballo enviou a París a maqueta que tiña preparada para o seguinte barco. Esta maqueta tivo unha mención especial Salón Náutico Internacional de París.

Pero Saavedra non acabaría así coma así, plasmou nunha novela costumista as súas vivencias baixo o título "Pandilla de eminencias".

Este foi o último proxecto, premiado na Salón Náutico Internacional de París.

Afeccionado á poesía e como non á do seu paisano Francisco Añón, en moitas conversas saía este verso:

Polas aberturas das tellas
Entran os céfiros gratos
Fungando polas orellas,
Dende a cama de Follatos
Poden contarse as estrelas

Grazas Saavedra!

José Gómez Fernández

Natural da provincia de Pontevedra, chegou a Palmeira nos anos 20.

D. José foi moitas cousas: médico en Palmeira, forense do concello, xefe político e outras máis, porque tiña muíño, eucaliptais, fincas... Ao vivir tantos aquí aquí adquiriu moitos bens e responsabilidades.

Hai que agradecerlle no tempo que foi xefe político non houbo que lamentar nada especial.

Cabe sinalar que na tivo o recoñecemento do Premio de fin de carreira na súa licenciatura en Medicina.

Agustin Arca, Tito

Tito non era de Palmeira, era natural de Rivadabia en Ourense. Casou en Palmeira, e era moi devoto do Nazareno; nunca faltaban, nin el nin seu pai, á procesión.

Pódese dicir sen lugar a dúbidas que a súa vida era a de ebanista, e dos bos. Durante moitos anos traballou día e noite e fixo cantidade de obras de carpintería. Poucas casas non teñen mobles feitos por Tito. Foi un artista da madeira e o tempo que viviu non lle chegou para acabar o que tiña pensado.

Foi un número un.

Cruceiro de Maros

A primeiros dos oitenta rematouse a restauración do Cruceiro de Marcos, un traballo foi magnífico e todo un acontecemento para Palmeira.

Fíxose un acto de entrega das obras de restauración que presidiu o Sr. Alcalde D. Lisardo Valeiras, bendiciuno o sacerdote de Palmeira D. Enrique Fernández, estiveron tamén presentes os membros do goberno municipal, organizadores e persoas representativas de Palmeira, como invitados de honra D. Manuel Lores Álvarez e a súa dona.

Esperanza

Manuel Lores Álvarez

Manuel Lores Álvarez acabou a carreira de sacerdote alá polo ano 36 do século XX. Chamado a filas foi para a fronte, con el para a guerra foi un amigo tamén sacerdote de Palmeira, Ramón González Vizcaya.

Lucas quería ter unha madriña de guerra para que lle enviase tabaco como era costume. Ramón deulle o enderezo dunha moza de Palmeira; a moza era a "estanqueira" e non lle faltou tabaco. Acabou a guerra, veu coñecela e casou con ela. Foi reitor da Universidade de Santiago, unha persoa moi importante e influente no seu tempo.

No ano 1969 deu unha conferencia no Cine Millán para conmemorar os corenta anos da Sociedad Hijos de Palmeira. O relatorio versaba sobre un informe que do licenciado Molina sobre os reis católicos.

Juan Paz

Juan Paz era do Maño, casou en Palmeira e eran propietarios do "Esperanza", un bote dedicado a traer mercadorías de Vigo a Palmeira. Máis tarde o fillo, Manuel, seguiu o mesmo traballo co bote Iños.

Rosario o Cambadés

Estes personaxes eran barbeiros. Rosario foino pouco tempo pois cacheou vida doutro xeito. Juan si exerceu sempre a súa profesión.

Os dous eran persoas moi cultas, grandes lectores que pasaron a ser parte da cultura popular de Palmeira.

Juan de Perfeuto

Carlos Pazos Pérez

Carlos Pazos Pérez, Carlos do Monte

Este personaxe era digno de atención. Era xastre dos que facían a chaqueta pois o pantalón e a camisa eran cousa da súa irmá Pepa. Tamén era barbeiro.

Pero o máis curioso é que era letrista, isto quere dicir que cando a mocidade quería facer unha murga ou cinzarrada ían onda o Tío Carlos para que lle puxese letra. Isto sucedía case sempre que casaba un viúvo ou unha viúva.

Ramón Caliñanes

Ramón herdou o oficio de seu pai, pero a outra velocidade. Era unha máquina traballando, pero tiña a maiores os xenes palmeiráns que o facían agradable, ocorrente, cunha fina ironía. Tiña callados os amigos.

Pero coma bo palmeirán non resistiu a chamada da navegación e xa, alto no dente, embarcou nun mercante.

Queda na memoria.

A familia Galiñanes

Retrato feito no bar de Manolo.

Francisco Galiñanes era natural de Vilagarcía.

Tío Paco, como lle chamaba todo o pobo, era ante todo unha boa persoa. Casou en Palmeira cunha Caneira. Albanel de profesión, rara é a casa na que tío Paco non foi traballar, era o encargado do mantemento da casona “O Xardín” de Honorino o das bicicletas “Honor”.

Foi un bo palmeirán.

Naufragos

Francisco Rodríguez, contramestre

Carlos Pardo, mariñeiro

Era o día que se xogaba a lotería de Nadal cando xurdiu a noticia. O Elorrio foi ao fondo e morreron todos os tripulantes. Desta parte do Barbanza había sete persoas a bordo, dúas de Palmeira, dúas de Olveira, dúas da Pobra e unha de Artes.

O barco fora dado de baixa para navegar e comprárao un chatarreiro de Valencia para desmantelalo. Había que levalo desde Xixón ao seu destino e contratou a tripulación en Valencia. Saíu de Xixón con mal tempo, cando levaban varias horas navegando agarrotouse o pistón de alta, sen máquina e sen goberno foi á deriva ata os acantilados de Santander, e alí foi a tumba de 21 persoas. Ese 21 de decembro de 1960 faleceron os vinte tripulantes do vapor e un home de terra.

Dona Carmen Fontao

Viviu máis de 100 anos.

Esta persoa foi unha institución en Palmeira. Tiñan na casa o teléfono público todas as chamadas eran por conferencia, tiñan que avisar a que hora ían chamar. Ademais sen lugar a dúbidas era a que marcaba a moda feminina, fixo máis de 50 vestidos de noiva.

Eran unha gran familia.

Que teñen en común estes dous personaxes?

Os dous son naturais de Caldas de Reis

O doutor Torres chegou a Palmeira nos anos 30 do século XX. Casou con Maruja Colomer filla de Salvador Colomer Soler.

Exerceu de médico en toda a zona, dende Xuño ata Palmeira. Foron moitas as persoas que atendeu o Dr. Torres. Non importaba que fose de noite ou de día, chovese ou ventase, o Dr. Torres sempre estaba disposto para axudar. Tiña moitos amigos, era un home moi xentil.

Cando acabou a súa vida activa profesional os veciños fixéronlle unha homenaxe como non houbo outra, e descubriuse unha placa co lema: "Ao Doutor Torres co agarimo do pobo".

O feito por Manolo Torres e Maruja Colomer pode catalogarse se "mallado".

Carlos García Bayón foi un gran personaxe. Fundador do Colexio bayón era un namorado da Serra da Barbanza.

Manuel G. Millares, o nevado

Disque era practicante; receitar, receitaba coma médico. Cando alguén se poñía malo chamábase o Nevado en primeira instancia. Era unha persoa moi servizal.

Estivo en Palmeira uns 50 anos, debía ser de Cabo de Curz, ás veces tiña con el unha sobriñas, Maruja e Senon.

Anselmo Millán Alfonso

Dicía: “A sorte pasa todos os días pola porta, pero para apañala hai que estar á porta”

Era natural do Grove. Chegou a Palmeira a comezos dos anos corenta. Xa fora alcalde do Grove. Trouxo moita familia, tres fillos e dúas fillas. Casou en Palmeira con María Castelo que era viúva e tiveron dous fillos, Anselmo e Fátima.

Persoa moi traballadora, nada máis chegar montou unha fábrica de serra que traballou a pleno rendemento un ano máis ou menos. Home de grande imaxinación, cambiou de idea e púxose a facer un cine. Cando falamos de “púxose” dicimos que el e mais seus fillos fixeron o cine.

Cine Millán

Foi un cine de referencia, era un cine de estrea. Despois duns anos traballando queimouse, pero D. Anselmo non se acovardou e volveuno facer de novo, aínda máis ben feito.

As mellores películas pasaron por esta sala

Os fillos seguiron o camiño do pai que era un gran construtor, a partir da chegada dos Millán as casas deixaron de ser liñas rectas; construíron incontables casas familiares. Antonio e mais Juanito, á parte da construción, tiñan outros negocios.

“Foise co vento”, “Duelo ao Sol”, “Que o ceo a xulgue”... E coa pista xa traballando trouxeron as mellores orquestras tocar aquí. Comezaban o día de Santa Rita e remataban o de San Miguel. Orquestras como “Florida”, “Chicos del Jazz” non faltaban todos os veráns.

En fin, a Palmeira chegaron unhas magníficas persoas.

Na memoria ...

Na memoria de Palmeira dos anos 1800 a 1940 había unha flota de barcos e dornas, había motoras, botes, racús, dornas, gamelas... isto levaba aparellado a necesidade de aveños (pertrechos), cabos, cordas, aparellos, pezas, liñas e outras artes, e para iso facían falta cordeeiros.

Había no camiño de Insuela na que fora a Carballeira dos García unha boa cordoería que lle chamaban a "Tribuna". Cando a salga foi a menos só quedaron Florentino Chan, que era un cordeeiro fino, pois era quen facía as liñas para pescar e había que ter bos dedos pra fiar o cáñamo ou o o esparto.

Enrique Argibai Vila

Natural de Palmeira

Para reflectir a biografía de Enrique Villa faría falta un misal.
Ante todo era un artista da madeira, os seus traballos chamaban a atención. Foi emigrante na Arxentina, industrial toneleiro, presidente da Sociedad nos anos 1936-1940, promotor da rede de sumidoiros de Palmeira, concelleiro do Concello de Riveira...

Un gran home.

No 1940 Enrique Argibai Villa que foi presidente da Sociedad nos anos da guerra, convocou xunta xeral de socios, e foi elixido presidente Marcial Betanzos que era xastre.

A partir dese tempo a Sociedad funcionou con normalidade. Os socios pagaban unha peseta cada mes e non chegaban a cento e medio. Púxose en marcha unha campaña para ampliar o censo. A forma foi que para poder xogar no campo había que ser socio. Meu dito, meu feito! Apuntáronse máis de 50 rapaces. A construción do Edificio Social nunha campaña nos EEUU deu moi bos resultados.

O equipo de fútbol xogou na 4ª Categoría Nacional, despois fíxose o campo novo, e uns directivos capaces foron quen de facer que a Sociedad Hijos de Palmeira vaia vento en popa.

Juan Señoráns

Juan Señoráns era cordeeiro, na casa de seu pai sempre houbo bens de mar e o último que tiveron foi un racuíño que lle chamaban Brisa del Mar.

A especialidade de Juanito eran os cabos de distintos calibres. O tempo nunca paraba e os barcos do arrastre usaban unhas malletas de arame forrado de esparto e cáñamo. Juanito non tiña coñecemento de como se facían e nin curto nin preguiceiro foise a Marín aprender, e non tardou moito en volver, foi aplicado pois non máis chegar puxo unha cordoería e fixo malletas a esgalla. Tamén de alí trouxo unha muller.

Aproveitoulle a viaxe a Marín!

Manuel Teira

Naceu no Maño e casou en Palmeira.

Foi un dos homes que acompañara a Bos Aires a José Fernández para faceren un taller de toneis, pois na Arxentina non había ou eran malos.

Ao volver puxo un taller de tabais en Palmeira que funcionou ata os anos corenta.

Era un home de carácter serio e moi de fiar.

Os Martínez Riveiro

Manuel Martínez era de Castiñeiras. O pai tiña un almacén de salga, Manuel foi á escola á Pobra, deulle clases José Parada, que era maquinista naval da Armada, grazas a estas ensinanzas fíxose piloto de mariña.

Casou en Palmeira con Encarnación Riveiro Gondar. Tiveron moitos fillos, algúns morreron de rapaces. Chegaron a grandes, Antonio, Carmen, Andrés, Narciso, Manolo, Vicente e Balbina. Ningún deles tivo familia.

Á parte da fábrica de Castiñeiras, en Palmeira contaban cun bo comercio, e máis tarde foi banco e tamén tiña monopolio de mistas.

Podemos dicir sen enganarnos que os fillos non fixeron nada para mellorar o negocio, agás Antonio.

Manuel e Encarnación non tiveron moita sorte cos fillos.

Juana Martínez casou con Jenaro de Riveira. Reinaldo Pérez foi fareiro do Faro de Rúa.

Pepa Juana V. Olveira

Esta muller a comezos do século XX puxo no porto ao pé da praza do Callao unha tenda de roupas, en Palmeira non había outra.

Pasaron os anos e cando o home lle vén de Cuba do desmantelamento do Maine, un barco americano, comproulle á Igrexa a casa que fora do pai de Romero Ortiz e abriu o novo comercio que traballou ata case finais de século.

O fillo, Ramón, acabou brillantemente a carreira de sacerdote, tivo que ir á guerra e á volta celebrou a misa solemne. Aos poucos días enfermou dunha enfermidade estraña e morreu o 4 de decembro de 1944.

Pepa Juana tivo pouca sorte.

Morréronlle 6 fillos antes ca ela.

Manuel Teira José Martínez

Manuel Teira

Coma a maioría dos homes de Palmeira foron polo mundo navegando e tamén viviron nos EEUU. Tiveron sorte e casaron cunhas irmás, Pilar e Balbina, que os convenceron para quedar en terra e poñer negocio, e así fixeron. Aínda que non lle foi fácil compraron un inmoble para facer unha fábrica de gasosas, fixeron un pozo de auga, presentaron o proxecto e non llo aceptaron. A competencia era moi forte, e ao final tiveron que comprar en Riveira, e déronlle a licenza durante moitos anos. As gasosas “Teimar” foron un éxito.

José Martínez

Manuel e Pedro Pérez

Manuel Pérez

Pedro Pérez

Manuel e Pedro Pérez foron profesores moi importantes en Palmeira.

Pedro despois de estar na Arxentina e nos EEUU volveu a Palmeira e puxo un taller de toneis.

Manuel tiña unha taberna en Palmeira no Norte. Foi concelleiro en Riveira, e moi bo para Palmeira. En anos da posguerra mundial, cando non había un peso para facer cantar un cego, foi quen pavimentou no porto con lousa de pedra a rúa Garcilaso, e a praza do Callao, que aínda están aí para ver.

Eusebio Fernández era xenro. Tiña un bar na praza do Callao, chamábanlle "Bar Ceniza", pero ese nome non lle foi arriba. Foi presidente da Sociedad Hijos de Palmeira e colaborador do club Palmeira.

Eusebio foi un bo home.

Luís Pampín Abal

Natural de Riveira parece de Palmeira.

Chegou a Palmeira a mediados dos anos corenta para traballar como mecánico da fábrica Ignacio González Montes.

Pampín foi un home que deixou escola. Namorado do fútbol, durante máis de 30 anos aprendeulles a xogar a centos de rapaces, e adestrou o Club Palmeira moito tempo.

O Club Palmeira fai un partido na súa memoria. Luis debeu ter un millón de amigos.

Don José Gago o Carreiran

Nacido en Palmeira era unha persoa moi agradable, namorado dos barcos, tivo varios pero os máis bonitos foron Jesuren Ama, un barco do norte, e despois tivo o Ardilla.

Foi unha persoa familiar.

Manolín Enguiz

Fillo do farmacéutico era practicante. Todo o que se diga del é pouco.

En Palmeira tivemos sorte cos practicantes, alá nos anos trinta e corenta do século XX había unha persoa que lle chamaban don Manolo, o Nevado, que receitaba coma se fose médico. Era un bo home, moi ocorrente e gran sumiller.

Salvador Enguix Gómez

Farmacéutico

Este personaxe era valenciano, chegou a Palmeira facéndose cargo da farmacia, pois a farmacéutica que había casou con Manolo o Pampo, que era primo das Pauliñas, e tiña unha fábrica de conservas en Vilanova.

Enguix era un cabaleiro, estaba para todo o que fixese falta, fose persoa ou animal, sempre con boa cara, gran xogador de dominó contaba con moitos amigos, coa familia non tivo moita sorte pois os fillos e fillas morreron mozos, e mais un neto.

Grazas, boticario.

Palmeiran

Naceu no Vilar. Fillo de José Fernández e Dolores Pérez. Tiñan comercio de ultramarinos, eran tres irmáns.

Estudou maxisterio.

Fíxose sacerdote, misioneiro en Chile.

Cunha vocación de servizo notable, empregou a mellor parte da súa vida e a súa facenda en atender as persoas máis pobres nas aldeas chilenas, na cordilleira andina.

Enfermou e veu morrer a Palmeira.

1979
Primeiro pleno da democracia

Nas cadeiras do salón de plenos ribeirense aparecen algúns dos integrantes da primeira corporación da democracia durante un pleno. En primeira fila, Crusat, Vizcaya, Cadaval, Reiriz, Fernández e Chouza.

Primeira corporación municipal democrática despois da ditdura.

Foron catro os concelleiros de Palmeira:

Ventura Rial
Vicente Chouza
Manuel Vizcaya
Domingo Regueira

Ribeira

Primer pleno de la democracia. En los sillones del salón de plenos ribeirense aparecen algunos de los integrantes de la primera corporación de la democracia durante un pleno. En primera fila, Crusat, Vizcaya, Cadaval, Reiriz, Fernández y Chouza.

D. Camilo Fontenla Dania

A foto é no cuadraxésimo aniversario da Sociedad Hijos de Palmeira

Don Camilo sen lugar a dúbidas foi un dos curas máis famosos de Galicia. Entre outros destinos foi párroco na Illa. Profesor de latín na Normal de Pontevedra, chegou a Palmeira en 1946 de capelán. Fixo un labor de catequese fabuloso, volveu para morrer.

Don Salvador de párroco xa non era o mesmo. Trocoulles o carácter aos rapaces, xa non lles daba cariño. Nas homilías decotío ameazaba os fregueses co inferno. Na Igrexa non fixo nada, máis ben ao revés. Naceu e está enterrado en Iria Flavia (Padrón).

Os irmans Betanzos

Eran carpinteiros. José, o máis vello, ao acabar a guerra, coma todos os homes de Palmeira, camiñaron polo mundo. Volveu cando un doloroso accidente cambiou a súa vida, era un home completo.

Antonio, o outro irmán, practicamente traballou sempre polo oficio. As obras máis importantes son o pórtico da igrexa e mais os bancos.

Manuel Argibay o Madrileño

Foi ante todo un palmeirán total. Era dono dunha gran cultura, pódese dicir que foi o último carpinteiro de praia, discípulo de Saavedra.

O traballo de carpinteiro e toneleiro é un traballo moi esixente, se non se fai exacto o barco non flota e os barrís perden.

Cando se acabou a construción de barcos, Manuel dedicouse a facer dornas. As dornas do Madrileño chamaban a atención, eran moi ben feitas.

José García Chacin

Foi unha excepción. Este palmeirán nunca saíu de Palmeira.

Despois do servizo militar sempre traballou de carpinteiro. Foi alumno de Manuel o Rulo do Campiño, un bo mestre; tamén era o que manexaba os reloxos da igrexa.

Un bo home.

Os Barrosos Vellos

Manuel e mais Antonio eran bos carpinteiros, sendo mozos fixeron a carpintería do "Palacete dos García", parte dela aínda se pode ver.

Antonio dedicouse a facer caixas de defuntos, e tamén era comercial de chocolates "Viso", e viño "Fernando de Evan". Os ataúdes eran para ricos e pobres, e a súa muller fermoseábaos por dentro.

José Rodríguez, fillo de Manuel, foi carpinteiro de praia. Era a man dereita de Saaavedra, cando se deixaron de facer barcos dedicouse á carpintería de branco. Foi un home traballador e unha persoa de fiar.

Don Manuel Fernandez Varela

Prelado.
Comisario Xeral da Santa Cruzada

Naceu en Ferrol en setembro de 1792. Fillo de Andrés Fernández, natural de Palmeira, e de Teresa Varela da Pobra do Deán.

O pai era un oficial da Armada e a súa residencia era en Ferrol. Foi un extraordinario estudante, a súa carreira foi brillante, estudante en Fonseca Santiago. Foi capelán da casa Lema-Pimentel, cura na aldea de Mondego, e logo pasou a Santa María de Sada, isto ao comezo da súa importante carreira eclesiástica.

Defensor do monarca Carlos VII, recibiu a Cruz de Carlos III, nomeado Comisario Xeral das Cruzadas. O "Tribunal Varela" manexou enormes cantidades de diñeiro. Atendía con gran luxo os visitantes, gran parte do diñeiro destinouno a obras importantes coma secar a lagoa de Antelo, prazas, estatuas...

Foi envexado e calumniado mal querido polos cartos que manexaba, que foron en gran parte para obras. Por exemplo na Pobra mandou facer o Consello da Pobra para escolas e como na vila de seu pai non puido aumentou a igrexa 10 metros.

O Concello de Ferrol, a súa cidade natal, non foi quen de poñerlle o seu nome nin a unha rúa.

O seu pai Luis Enrique está enterrado en Palmeira e a sepultura está en boas condicións.

Concello de Palmeira

Escritura notarial datada o 21 de xaneiro de 1823. A seguir noméanse os mandatarios do Concello Constitucional da Parroquia de Palmeira.

Alcalde:
D. José Benito de Ageitos y Vidal

Rexedores:
D. José Manuel Somoza
D. José domínguez
D. José Santos
D. José Antonio Mariño

Síndico xeral:
D. Andrés Seoane

PALMEIRA MARINERA - 1915

EL BAÑO DE LAS SIETE OLAS - PALMEIRA - 1920

Castillo Monjuich

Manuel Olveira
Manolo de Esperanza

Pertencía á navieira "Elcano". Era un dos barcos incautados durante a guerra, era un bo barco, tiña sobre 11.000 t e boa máquina.

Dedicábase preferentemente ao transporte de grans, millo, trigo, etc. A súa última viaxe aconteceu a finais do 1963. Viña cargado de millo dos EEUU para España.

Ao norte das Illas Azores perdeuse a comunicación, e nunca máis se soubo. Non apareceron ningún dos obxectos de a bordo, nin nada da carga, nada de nada.

Perderon a vida trinta e seis tripulantes, e como non, Palmeira pagou coa vida dun dos seus veciños. Manolo de Esperanza deixou muller e dous fillos.

Vicente Franco

Era o home de Juana Rial. Ía ao mar e atendía a taberna O Franco

Empezou cunha taberna e máis tarde dedicouse á salgadura. Tiña un descascador para tinxir as pezas do xeito; taller de toneis; co barco o Juanito Rial ía ao mercado de Vilagarcía, transportaba mercadorías para o tren; ademais puxeron un salón de baile, onde tocaron as
mellores orquestras de Galicia e na planta baixa explotaban un almacén de salga.

Na cantina do salón de baile

Na cantina do salón de baile

Jupiter

Este barco chegou a Bilbao no ano 1908, era o barco máis grande que entrara en Santurce, tiña case 10.000 t.

Benito Solla era de Marín, do canto da area, pero parecía de Palmeira.

Foi inspector xeral e xefe de persoal dunha importante navieira.

José Silva era compadre de Benito e tripulantes do Júpiter.

Teresa Paz e Juan Triñanes

Aproveitaron que tiñan a casa enriba do mar. Armaron unha taberna, o sitio era especial e os donos foron moi boas persoas moi agradables. Leva funcionando arredor de 60 anos e segue na mesma.

Pepa de Pena

Cociñeira de vodas

Ata hai poucos anos as vodas facíanse na casa da noiva. Pepa era especialista en vodas de labregos, poucos eran os que non a chamaban. O menú era distinto se era para pescos ou labregos.

Nos labregos: merluza á romana, carne de tenreira. Normalmente mataban un pucho e de sobremesa, para os rapaces, xerez, para as mulleres anís e para os homes coñac ou augardente. Xente de fiar.

José González Millán

Chamábanlle o “Café de María Silva” e non era sen razón. Ela e mais o fillo, Manolo, eran os que traballaban no negocio, e moi ben por certo. Este negocio aínda está funcionando.

Dous Irmáns Gago

A vida destes dous irmán foi moi distinta, mentres Dolores, a monxa, fixo boa carreira e chegou ao máis alto. Ao irmán as cousas non lle foron nada ben. Era membro do coro parroquial con M. Domínguez e Paisal del Río.

Ao pouco tempo de casado morreulle a muller, e non chegou a superar a súa falta. Foi un home que non tivo moita sorte.

A Parranda

Se algunha persoa foi digna de eloxios foi a Parada. Ela sen axuda de ninguén foi capaz de sacar adiante a 5 fillos. E iso como se fai? Traballando día e noite sen descanso.

Unha gran muller.

María Dominiguez María a Bernalda

Esta foi unha muller valente. Sucedía o seguinte: o home enfermo, varios fillos e a casa a medio facer pero non se acovardou. Tiña un forno artesán e nin curta non preguiceira púxose a facer pan de trigo. Non foi fácil, había que ter leña para quentar o forno todos os días, amasar e cocer o pan, para vendelo contaba co fillo máis vello, Tucho. Na bicicleta o rapaz levaba unha cesta e cediño ía levar o pan a Riveira. Máis tarde fíxose un forno novo e así, pouco a pouco, conseguiu unha grande empresa.

José Santiago o Pispiso

Santiago non foi á guerra, pois os casados de máis de 27 anos non foron.

Traballaba con Saavedra na carpintería de ribeira. A últimos dos anos trinta quedou viúvo, era o tempo que morría moita xente do pulmón, e volveu casar. Como o traballo escaseaba puxo un taller de alugueiro de bicicletas.

Para tratar cos rapaces hai que ser moi diplomático e el foino, nese taller moitos rapaces aprenderon a xogar ao póker e tamén ao xadrez, o taller durou moitos anos.

José Santiago foi un home agradable.

José Becerra

Casou en Palmeira con María Noal, que formaba parte dun grupo artístico desta parroquia. Foi un matrimonio emprendedor como demostran o bar, hospedaxe, comercio e estanco que explotaron.

Deixaron posta a semente para que os seus descendentes tamén sexan comerciais.

Benito Chaves

Era natural de Vilanova, para ser máis exactos das Sinas. Benito era coxo, tiña unha perna de pau que non lle impediu traballar coma un león.

Era mariñeiro, casou en Palmeira cunha moza dunha familia moi coñecida.

Un día no mar, na zona de Supinal, atopou unha boca de canón da Guerra dos Irmandiños. Foi conserxe da Sociedad, encargado do material no Club Palmeira. Un dos seus fillos é un artista de verdade, o que pouca xente coñece é que Benito era modelo de pasarela. Cando as empresas querían presentar pernas ortopédicas chamaban a Benito.

Noutra ocasión na festa da Dorna tocoulle a dorna regalaba a comisión, a dorna era nova a estrear pero o motor... Algún listo pintou un motor vello facéndoo pasar por novo, pero non coou.

Benito era unha persoa humilde, nunca levantaba a voz, era moi educado. Tiña un corazón que non lle cabía no campo de fútbol.

Un bo home.

Encarnación fernandez

A Peinada era unha boa cociñeira, cuxa especialidade eran as vodas do pescos. Nestas celebracións a carne era de galiña, polo demais a merluza á romana e o biscoito ao xerez con galletas para os rapaces, ás mulleres anís doce e para os homes caña ou coñac. O oficio aprendeuno en Vigo.

Boa xente.

José García

Estaba casado con Carmen Betanzos, foron bos emprendedores. Tiveron cine mudo, baile, bar. Eran a súa dona e especialmente a súa filla, Carmen, as que lle daban vida a estes negocios. O “Bar Betanzos” funcionou moitos anos.

Don Salvador

Cura párroco

Don Salvador vén coller o relevo de don José Hermo, o cura vello; era un cura moi preparado e tamén era organista. Estando de cura veu don Camilo.

Nese tempo foi cando don Justo organizou a cooperativa. Alguén lle comeu o "coco" a don Salvador e negoulle a comuñón a don Justo, que tivo que ir á Pobra en bicicleta chovese ou ventase para comungar, e pintaron nas paredes insultos contra don Serafín, o cura da Pobra, e mais contra don Justo.

Ignacio González Montes, S. A.

Os dous cuñados chegaron a Palmeira a comezos do ano 1940, viñan facerse cargo da fábrica de Rivas que era a antiga fábrica de Colomer.

Estaba en Palmeira, Fernando Rivas e mais a súa dona e fillos, Fernando e Sarita, o escribinte da fábrica era Minau que xogara no Deportivo, hospedábase no "Café de María Silva" e casou coa filla, Moncha.

Ao pouco tempo os cuñados acordaron ir cada un polo seu lado. Ignacio quedou coa fábrica de Rivas e Enrique comprou o almacén de Enrique do Río.

Eran persoas aínda mozas e logo fixeron amigos.

Ignacio era moi coñecido pois xogara no Celta de Vigo.

Ao pouco tempo ampliou a fábrica, as conservas marca Dorita eran de gran calidade. Nesta fábrica traballou máis de 50 anos. I. G. Montes era un home de palabra.

No 1945 pola súa mediación veu o Celta xogar a Palmeira.

Manuel Vizcaya

Se en Palmeira hai que falar dun home valente e traballador, nos primeiros da lista está Manolo Vizcaya (o Xanramon).

Cando era aínda mozo trocou o mar por un camión, escolleu o traballo máis duro, repartir botellas de butano. O seu esforzo non foi en balde e conseguiu crear unha empresa onde traballaban os fillos.

Manuel Vizcaya foi un león.

Manolo Lesmes

Lesmes non era de Palmeira pero parecía que era. Fillo de retratista seguiu o oficio do pai.

Casou en Palmeira e pódese dicir que a maioría das vodas, bautizos, comuñóns, procesións, festas... foi el o artista que deixou incontables fotos destes eventos.

Foi xogador e adestrador do Club Palmeira.

Foise antes de tempo, era unha boa persoa.

Juana Rial

Sen lugar a dúbidas foi a muller máis valente de Palmeira. Desde a súa xuventude ata a súa madurez foi unha loitadora.

Francisco Olveira

O comercio de Olveira posiblemente foi dos mellores desta parte da ría. Xentes doutras vilas viñan comprar a Palmeira. Os produtos, especialmente os que eran para o mar, eran da máxima calidade. Todos os luns os tres, ou sexa, Olveira, Antonio o Barroso e Pose o Ivaneto ían á Pobra ao Banco Pastor, se a marea o permitía ían pola praia.

Enrique Varela Baquero

Conserveiro

Cando se separou do cuñado fixo unha enorme fábrica no que fora o almacén do Gopiño, o tellado da fábrica tiña 14.000 tellas.

Conservas Baquero foi a primeira que a súa filosofía era o I+D. Foi un precursor.

Manuel Gonzalez Vidal

Foi conselleiro de Contas da Xunta de Galicia, maquinista naval, economista e xerente do Plan Marisqueiro; pero por riba de todo unha gran persoa.

Sociedad Hijos de Palmeira

A primeiros do século XX en Palmeira había escaseza de escolas, tanto é así que os rapaces do Norte ían a Cercias, onde por sorte, o mestre entre outras materias ensináballes esperanto.

No pensamento dos palmeiráns estaba facer unha boa escola, así xurdiu a sociedade, e foi en Nova York onde se puxo a semente
.

Xosé Ribas acompañado dos da Canteriales, Areeiros, Penas, Sagos, Mouchos, Lavercos... puxérona a funcionar, o tempo non axudaba, pois estaba a guerra que facía difícil o desenvolvemento, pero paseniño foron adiante.

Acabada a guerra chegou a nova xeración, ducias de mozos con gaña de traballar chegaron aos Estados Unidos e aconteceu que lle deron un grande impulso ao proxecto. Primeiro legalizaron a sociedade en Albany, capital do estado de Nova York, e logo mandaron a Palmeira o presidente Andrés Paisal para organizala. Todo ía segundo o previsto en Palmeira, pero de novo a guerra rompeu a convivencia, e o exército de Franco pediulle diñeiro,
o capital que tiña a asociación era de 3.000 pesetas. En asemblea de socios
negáronse a entregalas, pero como tiñan que poñer os nomes na acta, acordaron doarlle a metade, 1.500 pesetas, e así foi.

Sabedores os socios americanos desta doazón romperon relacións con
Palmeira, e parte dos cartos que tiñan enviáronos a Francia para os refuxiados.

MEMORIA
del 1er Ejercicio
(del 1.º de Marzo al 31 de Diciembre de 1929).

Antonio Gómez, presidente
Antonio Olveira, secretario
Salvador Rodríguez, r. de c.
Andrés Pérez, r. de c.

Esta sociedade creárona en Bos Aires persoas que eran en orixe do Porto de Palmeira, e queda pois constancia de que incluso un grupo de poucas persoas eran capaces de organizarse en defensa da súa terra, do que era para eles e elas un gran recordo.

Cando medrou realmente a emigración para a Arxentina, despois da guerra, a sociedade xa non tiña actividade, polo que a súa vida foi breve.

La sociedad "Hijos de Palmeira", sus discípulos y la parroquia rinden homenaje a D. Agapito Herrero Valderrábano por su labor meritísima, desde 1926 á 1946, al frente de la Escuela nº 2

Palmeira, 13 de septiembre de 1946

Andrés González
José Martínez
Antonio Pérez Oliveira
Francisco Vázquez
Ventura Ferreiros Viñas
Manuel Santo Rodríguez
Manuel Vidal
Andrés González Fernández
Alejandro Díaz
Santiago García Fernández


Andrés Fernández Gago
Ramón Domínguez Pérez
Manuel Pardiñas
José Gago Domínguez
Santiago Gago
Andrés Sampedro Veira
Cayetano Castro Fernández
Fuente García Fernández
José Ferreiros Piñeiro









José Río
Manuel Ponte
Fernando Cortiñeiras
Francisco Gago
Vicente Millán Pérez
Juan Betanzos
Francisco Betanzos
Manuel Pérez
Salvador Barreiro Pérez
Antonio Miñoz
Salvador Rivadeo
Ramón Burgo
Manuel Muñiz Pérez
Manuel Muñiz
José Domínguez Lago
Antonio Paz

Camilo Hondeulo
María Carmen del Río
A. Pérez
Marcial Betanzos
Andrés Rego Pérez
Manuel González Fernández
Vicente Maxim
Francisco del Río
José A. Cabanas
Con gran cariño a mi compañero
Vicente Pérez
Sebastián Lorenzo


Enrique Pinal de Rio
José Martínez González
Andrés Otero Betanzos


Manuel Bizarrer Santos
José Sampredro Fernández
Alfonso Pérez Santiago
Manuel Fernández Gago
Vicente Fernández
José Fernández
Antonio Yáñez
Manuel Betanzos Rego
José García Pérez

Manuel Piñeiro Santos
Antonio Vázquez
José Sanfrancisco Fernández
Alfonso Pérez Santiago
Laureano Fernández
Manuel Fernández Gago
Vicente Fernández
José Fernández
Manuel Betanzos Rego
Antonio Valiño
José García Pérez


José Barreiro
Andrés Gago Fernández

José Fernandez

Angel Gómez

Angel Otero

Antonio Gomez

A mi querido profesor con cariño.

Juan Núñez

Francisco Gomez

Vicente Vizcaya Perez

José Santiago

José Barreiro

Antonio Pacheco

Antonio Pacheco

Angel Gomez

Eduardo Eduardo

Andrés Jorge Fernandez

José Lorenzo

Angel Pacheco

Ysidro Loyo
Dolores i Hijos
Maria Sor
en homenaje al benefactor
tapatío en la persona del
venerable profesor, soldado
incansable de la enseñanza
D. Agapito Hernández.
Fernández
Maria Pérez Lampedia

Ysidro Loyo
Dolores i Hijos
Maria Sor
en homenaje al benefactor
tapatío en la persona del
venerable profesor, soldado
incansable de la enseñanza
D. Agapito Hernández.
Fernández
Maria Pérez Lampedia

Don Agapito Hermo Valderrábano

Un vello mestre de Palmeira

Don Agapito chegou a Palmeira no ano 1914 para traballar no ensino. Aquí tivo varios fillos. Na década dese 1935 ata 1945 a tuberculose acabou coa súa familia: un fillo, Mariano e catro fillas, unha cuñada e tamén a súa dona, Milagros, estas dúas últimas uns anos máis tarde. Dos mártires do fogar sobreviviron Luis, o maior dos fillos que emigrou a Francia e morreu alá, Julia, Dorinda e Mercedes, que foron protexidas pola familia Crusat (xente moi preparada). Julia e Dorinda traballaban na oficina dunha fábrica de madeira e carpintería mecánica. Mercedes vivía con Angelita Crusat que tiña unha panadería e comercio de comestibles onde traballaba.Angelita Crusat morreu hai pouco tempo, por poucos días non foi centenaria. Tres fillas que tivo foron mestras e están xubiladas: unha en Madrid, outra en Aguiño e outra en Palmeira.

Cando cumprín o servizo militar, traballei na citada carpintería durante cinco anos. Foi un pracer traballar coas fillas do primeiro mestre. Con Dorinda xoguei unha quiniela de fútbol de 1 peseta; á primeira sorte (14 acertos) veu unha relativa mala sorte, pois apareceron moitos acertantes e só cobramos 10.600 pesetas, ou sexa, 5.300 pesetas para cada un. Nós nunca viramos tantos cartos xuntos (eu, na empresa, gañaba 20 pesetas diarias).

Empecei á escola en 1937 e estiven alí ata 1941. Foi a miña primeira escola, a de don Agapito, nos anos difíciles para nenos e mestres que todos coñecemos. Daba clases á noite aos adolescentes que traballaban no mar e na terra. Non había moitos cartos, os pagos facíanse ao troco, con produtos do mar e da terra.

No tempo que estiven na escola pasaron moitas anécdotas e curiosidades daquela época (pegar moi forte cun punteiro no traseiro ou nas cachas como se di por aquí). Para que non nos doese, os rapaces poñiamos lonas dentro do pantalón; un rapaz ata puxo un prato de aluminio. Outra forma de pagar era poñerte de xeonllos e bater forte na palma da man. Noutras escolas chegouse a pegar de xeito descontrolado.

Os cinco anos que estiven na escola cadraron coa morte dos fillos de don Agapito. A escola foi o seu consolo. Dicía o señor Pillado "os rapaces son como toliños e este mestre ten que aturar a 50 toliños, sumado á perda da súa familia". Dende entón empecei a valorar o traballo dos mestres e mestras.

En Palmeira había daquela 5 escolas: a de don Agapito no Porto, a de don Lorenzo na Lomba, a escola da Ponte (esta non era considerada como escola por moita xente pois os mestres botaban un ano ou dous, eu creo que algún non era nin mestre nin nada), a de dona Maruja que era unha escola de nenas e a de dona Carmen (que era irmá de dona Maruja e muller de don Lorenzo) que tiña outra escola de nenas. O marido de dona Maruja era o Sr. Montoto, o médico do Pobo; era un home solitario; polas súas ideas políticas tivo que emigrar como emigrara Castelao. Don Lorenzo e dona Carmen eran un matrimonio con moita sona, en cambio dona Maruja estaba marxinada polo pobo debido ás ideas do seu marido.

Eu pasei cinco anos (50 nenos) na de don Agapito, dous anos (40 nenos) na da Ponte, e tres anos (37 nenos) na de don Lorenzo, na Lomba. Daquela cantabamos o "Cara al sol con la camisa nueva". Cousas do sistema. Como se ve na cantidade de alumnos, a mortalidade infantil era moi alta e isto prexudicaba aos mestres, pois ao saber ler e escribir, algúns nenos abandonaban a escola e o mestre quedaba sen alumnos.

Na escola da Ponte metíannos moita "caña", pois tiñan un monitor que fora voluntario na Guerra Civil e que nos ensinaba a desfilar. Os domingos iamos para a misa desfilando.

Cando se xubilou polo ano 1945, don Agapito e as tres fillas que lle quedaban marcharon para León, a súa terra natal. Cando chegaron, a don Agapito deulle un infarto e as súas fillas regresaron a Palmeira coa familia Crusat. Unha década despois marcharon para Santiago. Hoxe en día si vive unha delas, Merecedes.
Don Lorenzo, o da escola da Lomba, morreu antes de xubilarse por causa dunha enfermidade. A súa muller morreu dúas décadas despois. Os dous foron enterrados en Palmeira. Esta familia non tivo descendencia, todos eran solteiros.

O pobo e o Concello de Riveira tiveron unha deferencia con esta familia: a don Lorenzo dedicáronlle unha rúa, a don Agapito, nin unha placa.
Somos 20 alumnos que dende que hai democracia estamos buscando un recoñecemento para estes mestres.

O gran fai graneiro, aí vai o meu.

Un neno da posguerra.

(Texto adaptado. Fonte Tixosa; páx. 81)

Don Lorenzo Mene Trabadell e dona Carmen Estevez Penas

Mestres de Palmeira

Ambos os dous gañaron a praza por oposición no mesmo ano e e coñecéronse na viaxe aos seus respectivos destinos na comarca da Estrada.
Posteriormente dona Carmen solicitou o traslado a Palmeira incorporándose na dita praza no ano 1928, casando o ano seguinte, cuxa cerimonia se celebrou na igrexa parroquial de Iria Flavia.

No ano 1930 don Lorenzo solicitou o traslado a Palmeira, incorporándose no mes de setembro do dito ano.

Froito deste matrimonio naceron dous fillos: María, 1930, e Lorenzo, 1934, que é quen facilita estes datos biográficos, e que como calquera fillo de ben, o meu recordo cariñoso cara aos meus proxenitores é constante, polo que no meu foro interior non para de darlles as grazas polas ensinanzas e pola educación que me transmitiron.

Como profesionais do ensino remítome ao recoñecemento e sentimento tácito que me demostraron cara a eles os seus antigos alumnos, quen ademais no caso de meu pai, conseguiron que perdurase o seu nome nunha das rúas de Palmeira; todo o cal, por outra parte, figura recollido nas memorias oficiais publicadas por mediación do Concello de Riveira.

Lorenzo Mene Estévez

Sobre os anos oitenta antigos alumnos formaron a Fundación Lorenzo Mene que durou ata que morreu o presidente, Andrés Pérez Mariño, e practicamente non quedaron máis que uns poucos.

No pobo quedaron os diplomas e mais a satisfacción de conseguilos "Palmeira agradecida".

D. Manuel Domínguez Fernández

Domínguez foi un dos mestres da guerra, e e mais moitos outros tiveron dificultades polas oposicións. Cando as cousas se ordenaron, tocoulle unha escola no País Vasco, nunha aldea. Alí aprendeu vasco, cumprindo plenamente o seu traballo.

Pertence ao grupo artístico tanto en teatro como en música, foi tamén un gran humorista.

Era un bo home.

Ignacio Martínez e a súa dona

Mestre e notario eclesiástico, tamén escribiu unhas obras sobre poda e enxertos. Amigo íntimo de Valle-Inclán tiñan por costume ir xuntos á festa do Cristo de Bouzas.

En Palmeira coma mestre, foi un bo mestre, con escasos medios e moitos alumnos. Das súas ensinanzas saíron bos alumnos.

O local da escola prestáballo gratuitamente D. José Crusat.

Justo Saco Alarcón

Mestre

Chegou a Palmeira a mediados do ano 1940. Tocoulle a Escola da Lomba.

D. Justo era un mestre diferente, á parte do ensino preocupouse dos problemas das persoas. Organizou a Cooperativa Agrícola e Gandeira.

O seu calvario comezou cando os caciques quixeron manexar a cooperativa, pero D. Justo, non lles deixou. Fixeron unha campaña dicindo que era ladrón. Coméronlle a cabeza ao cura para que non lle dese a comuñón. Así foi que tivo que ir á Pobra comungar. Fixeron pintadas nas paredes insultando o cura da Pobra e mais tamén a el. Ata que desfixeron a cooperativa non pararon.

Moitas persoas desde que D. Justo chegou pagaban a Seguridade Social Agraria.

Foi un mártir.

Don Pedro Caamaño e Don Vicente Pérez

Mestres

Tamén foron mestres en Palmeira, don Pedro Caamaño que era de Outes; don Vicente Pérez, o Segurello, natural de Palmeira; don Juanito do Estanco tamén de Palmeira a quen lle tocaron os máis difíciles, os que non ían á escola pública.

Tamén foi mestre en Palmeira o misioneiro palmeirán don José Fernández Pérez.

Don José Ignacio Lojo Juanita Santiago

Chegaron a Palmeira no ano 1946 para facerse cargo da Escola do Porto, a de don Agapito.

Como mestre don José Ignacio era bo ensinante, algo máis moderno. Pero que era extraordinaria era dona Juanita, estaba impedida pero iso non lle minguaba a capacidade de ensinar, para cursar estudos superiores había que ir onda ela.

Don Manuel Fernandez Betanzos

Mafer

Non se pode falar de Palmeira e da memoria sen falar deste palmeirán; foino todo. Profesor de ensinanzas medias e colaborador de todos os eventos que tiveron lugar en Palmeira.

Pertenceu á Agrupación Artística Teatro e Música; foi presidente da Sociedad Hijos de Palmeira en varias etapas; concelleiro no Concello de Riveira; foi tamén o primeiro patrón maior da Confraría de Palmeira; presidente da comisión de festas cando ninguén se quería facer cargo; colaborador en varios xornais; cofundador do club de fútbol; e membro da directiva de Palmeira Futuro auspiciadores do “Monumento ao Emigrante”.

En fin Mafer estaba sempre disposto a colaborar no que fixera falta. Traballador incansable, sen lugar a dúbidas un bo palmeirán.

Outras persoas que merecen estar nesta recompilación:

Manuel Pérez Rial, escultor e pintor.
Andrés Pérez Mariño, debuxante. Foi presidente da Fundación Lorenzo Mene.
Gabriel Otero, fomentador.
Cándido Pifarrer, mestre toneleiro, fixo parte do equipo que foron a Bos Aires facer unha fábrica de toneis. Delegado de deportes da Sociedad. Dicía: “Procura que en esta vida sea tuya o ajena plata nunca te falte, que al final de la cañada, paso atrás y paso avante”.
José Fernández Chouza foi o xefe dos que foron a Bos Aires.
José Agrelo, foi un barbeiro moi querido, tiña barbería no cruceiro de Cruces. Tiña a carrocería dunha radio e as emisoras eran Caruzo, Ventín, Rosende, Carballa, Chacín, etc.
Os patróns de cabotaxe: **Sarcia García**, **Fernández Pazos**, **M. Vizcaya**, **Andrés Saíñas**, **José Ríos**, **Juan Ríos**. Tiñan en común seren boas persoas.

Escritora: Mª Ángeles Pazos Sieira

Alumnado do curso

1- Mª Dolores Santos Franco
2- Juana González González
3- Mª Dolores Ferreirós Núñez
4- Concepción Corbelle Gómez
5- María Santiago Fernández
6- Francisca Fernández Betanzos
7- Mª Lourdes Fariña Casas
8- Juan R. Vilariño Regal
9- Mª Encarnación Rial Rego
10- Juana Paz Fernández
11- Ramona Andrade Santiago
12- Mª Teresa Olveira Pérez
13- Mª Fernanda Lampón pardavila
14- Dolores Prieto Magdalena
15- Ángela Ageitos García
16- Mª Teresa Paisal
17- María González González
18- Magdalena Castro González
19- Mª Gago Rial
20- Olga Vázquez Rivas
21- Mª Asunción González Pérez
22- Mª García García
23- Vicente Fernández González



(Foto. Moncho)
Monumento aos emigrantes